



Expediente núm.: 352/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

Categoría profesional: Peón Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun (1) Peón Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), cuxas bases foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, celebrada en sesión ordinaria o día 04 de maio de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 11 de maio de 2022.
2. Con data 28.05.2022 publícase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 121 o anuncio da Oferta de emprego público (OEP) exercicio 2022 (estabilización do emprego temporal), que cumpre as previsións da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
3. Con data 17 de xuño de 2022 o Tribunal Cualificador estende acta que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento para a categoría referida.
4. Con data 04 de xullo de 2022 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 126 a Resolución do 27 de xuño de 2022 pola que se convoca un curso sobre intervención en emerxencias para os concellos con grupos de emerxencia supramunicipais (GES).
5. Con data 05 de xullo de 2022 remítese a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) a documentación requirida segundo a base sexta de dita Resolución, para a realización do curso de carácter teórico - práctico que establece o artigo 10 das bases de selección do presente proceso selectivo, curso que se realiza unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo á súa contratación e ingreso no grupo dos GES.
6. Con data 09 de agosto de 2022 a AGASP remite a listaxe de aptos do "Curso: Código: 222159 - Intervención en emerxencias para o persoal dos GES", realizado entre o 14.07.2022 e o 08.08.2022, cunha duración de 70 horas lectivas.
7. Con data 09 de agosto de 2022, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento da (1) primeira persoa que integra a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo e recollida na Acta de data 17.06.2022.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar ó/á seguinte aspirante proposto polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)":

	APELIDOS E NOME	DNI
1	Rodríguez Gómez, Diego	972;





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Segundo.- Contratar ó/á antedito/a aspirante con data de inicio do contrato o 10 de agosto de 2022, para cubrir unha (1) vacante na categoría profesional de "Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)", cos seguintes custos salariais:

CATEGORÍA PROFESIONAL	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL
Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES)	V	100,00%	1.460,68	8411	32,75%	478,37	1.939,05
TOTAIS			1.460,68 €			478,37 €	1.939,05 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada por substitución, para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo (parágrafo 3º do artigo 15.3. do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), co período de proba legalmente establecido, en réxime de dedicación a tempo completo.

Así mesmo, informaráselle do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Cuarto.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo de dez días seguintes á súa concertación.

Quinto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sexto.- Constituír unha listaxe de reserva cos aspirantes que superaron o proceso de selección pero que non obtiveron praza, nos termos que constan no artigo 12 das bases da convocatoria e o proceso selectivo. A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas referidas Bases (artigo 12):

APellidos e Nome	DNI	EVENTO GALEGO	FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)				FASE DE OPOSICIÓN (máx. 20 puntos)				Puntuación Total do Proceso
			MÉRITOS PROFESIONAIS (máx. 6 puntos)	CURSOS, SEMINARIOS, CONGRESOS, XORNADAS (máx. 2 puntos)	TITULACIÓNS ORCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (máx. 2 puntos)	TOTAL FASE DE CONCURSO	1º EXERCICIO (Test) (máx. 10 puntos)	2º EXERCICIO (Proba práctica) (máx. 10 puntos)	PROBA DE GALEGO PARA OS ASPIRANTES NON EVENTOS	TOTAL FASE DE OPOSICIÓN	
1 Peña Pérez, Pedro	1461	SI	0,00	1,50	0,00	1,50	7,25	10,00	-	17,25	18,75
2 Villar Pró, Diego	3001	SI	1,00	2,00	0,00	3,00	5,75	8,50	-	14,25	17,25
3 Franco Pérez, Javier	7185	SI	1,00	0,50	0,00	1,50	6,00	9,00	-	15,00	16,50
4 Suárez Dapena, David	3179	SI	0,00	0,00	0,00	0,00	7,50	8,00	-	15,50	15,50
5 González Blanco, Juan carlos	3201	SI	1,40	0,40	0,00	1,80	5,25	8,00	-	13,25	15,05
6 Caneiro López, David	9376	SI	2,70	0,00	0,00	2,70	5,75	6,00	-	11,75	14,45

Sétimo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0634 Data: 09/08/2022

Cod. Validación: 5LNSJ5X5A-WKGR-AMW0K9R5XNC | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



(www.concellopereiro.com).

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Noveno.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0634 Data: 09/08/2022



Cod. Validación: 5LNSJSX5ANKGRCHMWDIGRXSNC | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

